



CONVOCATORIA

De orde do Sr. Presidente convócase a vostede á sesión ordinaria a celebrar pola Xunta de Goberno da Excma. Corporación Provincial, en primeira convocatoria ás once horas do día **DEZASETE DE MAIO DE DOUS MIL DEZANOVE**, para tratar sobre os asuntos incluídos na Orde do Día, previamente aprobada pola Presidencia.

De non celebrarse na data e hora indicados, a sesión terá lugar en segunda convocatoria o luns seguinte, excepto que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase á mesma hora do primeiro día seguinte hábil.

A partir da convocatoria os expedientes encóntranse a disposición dos Sres. Deputados na Secretaría da Deputación.

Lugo, 15 de maio de 2019

A SECRETARIA XERAL,

ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o día dez de maio de dous mil dezanove.
2. Proposta en relación cos escritos das Alcaldías dos concellos de Alfoz, Monforte de Lemos, Trabada, O Valadouro e O Vicedo, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018.
3. Proposta de aprobación do procedemento de adxudicación e do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas co obxecto de proceder á contratación dos servizos de produción técnica para a cooperación na celebración do Resurrection Fest 2019.
4. Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de adxudicación e do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas co obxecto de proceder á contratación de patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de



fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca A Deputación de Lugo co Deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo/Provincia de Lugo. CB Breogán SAD Disciplina Baloncesto. Anualidade 2019.

5. Aprobación, se procede, de convenios de colaboración con distintas Entidades e Concellos.
6. Proposta relativa a adquisición dunha parcela destinada a instalación dun establecemento para a garda e custodia de animais domésticos en cativeiro no concello de Monforte de Lemos.
7. Proposta relativa á cesión gratuíta da titularidade do terreo necesario para a continuidade do camiño de Penoucos a Bosende.
8. Aprobación, se procede, de Plans de Seguridade e Saúde no Traballo.
9. Proposta de aprobación, se procede, de renuncias de subvencións destinadas a actividades deportivas.
10. Comparecencia no Procedemento nº 105/2019.
11. Comparecencia no Procedemento nº 109/2019.
12. Comparecencia no recurso contencioso administrativo nº 153/2019-B.
13. Comunicacóns da Presidencia.
14. Rogos e Preguntas regulamentariamente formulados.